



## CONVENIO DE COLABORACIÓN

“PR-RENOINN-2024-000142

CONCELLOS + RENOVABLES I;

NOS MUNICIPIOS DE POIO, O PORRIÑO, MOS, SOUTOMAIOR, PONTEAREAS, TUI E  
MARÍN”

Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.

Programa de incentivos 4: Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables.

Documento asinado electronicamente por:

Pode verificar a integridade deste documento  
no enderezo: <https://sede.depo.gal>  
Código seguro de verificación (CSV): 8LK78S0TUFDM6X3



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONCELLO DE TUI PARA LEVAR A CABO, DENTRO DO SEU TERMO MUNICIPAL, AS ACTUACIÓNS RECOLLIDAS NO PROXECTO IDAE NÚM. PR-RENOINN-2024-000142 CONCELLOS + RENOVABLES I, AO ABEIRO DA PRIMEIRA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INCENTIVOS DE PROXECTOS INNOVADORES DE ENERXÍAS RENOVABLES E ALMACENAMENTO, ASÍ COMO Á IMPLANTACIÓN DE SISTEMAS TÉRMICOS RENOVABLES (ENERXÍAS RENOVABLES INNOVADORAS), NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIONEU.

Na Deputación de Pontevedra, na data da sinatura electrónica,

#### INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, na representación legal desta que se lle atribúe no artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Doutra, Enrique Cabaleiro González, alcalde do Concello de Tui na representación legal que deste lle atribúe o artigo 21.1.b) do mesmo texto legal.

Dá fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Ambas as dúas partes actúan nas representacións expresadas e recoñécense reciprocamente capacidade bastante para o outorgamento e a formalización deste convenio, con base nos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das administracións públicas, e, para estes efectos, de común acordo,



## EXPOÑEN QUE

- I. A Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui (en diante, Concello) comparten como criterio que as entidades locais, como administracións máis próximas á cidadanía, deben ser os axentes protagonistas no deseño, no impulso da acción local e no desenvolvemento das políticas locais. Así mesmo, as deputacións deben actuar como institucións que desenvolven políticas, plans e actuacións que faciliten que os concellos e a cidadanía poidan ter os mesmos dereitos e servizos.
- II. Na actualidade, Pontevedra é unha provincia con interese en liderar a transición ecolóxica cara a un modelo máis sostible que garanta o medio natural e o medio ambiente para as futuras xeracións dándolle un pulo ás enerxías renovables e á economía baixa en carbono, entre outros aspectos. Neste contexto, a Deputación quere contribuír ao impulso de proxectos innovadores de enerxías renovables, á redución das emisións de CO<sub>2</sub> á atmosfera e ao uso eficiente das enerxías limpas, especialmente desde as administracións locais.
- III. Dentro deste marco, o 10 de outubro de 2024 a Deputación de Pontevedra informou os concellos e entidades locais menores da provincia, mediante unha carta enviada pola Sede electrónica, da intención de presentar un proxecto innovador de enerxías renovables e almacenamento ao abeiro do programa “Enerxías renovables innovadoras” do Instituto para a Diversificación e o Aforro da Enerxía (en diante, IDAE).
- IV. O Concello amosou o seu compromiso de participar, mediante a aprobación e a posterior remisión a través da Sede electrónica o 21/10/2024 do Acordo de adhesión ao proxecto Concellos + Renovables I ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.



- V. Mediante a Resolución presidencial número RP2024008816 do 14/11/2024 emendada posteriormente pola Resolución presidencial número RP2025002307 do 26/03/2025, a Deputación aprobou a presentación da solicitude de axudas do proxecto Concellos + Renovables I para os concellos de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín ante o IDAE, no marco do “Programa 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables”, definida no anexo II da Orde TED/765/2024, de 22 de xullo.
- VI. O 18 de novembro de 2024 preséntase ante o IDAE o proxecto denominado Concellos + Renovables I e asígnaselle o rexistro núm. 202400034860. Tras a súa avaliación, o 01/08/2025 (rexistro de entrada número: 2025015336) recíbese unha resolución do director xeral do IDAE na que se estima favorablemente a solicitude e concédese a subvención con cargo a NextGenerationEU por importe de 451.083,50 € para un investimento total de 795.578,63 € IVE incluído, coa asignación ao proxecto do número PR-RENOINN-2024-000142.
- VII. Esta colaboración entre a Deputación e o Concello busca executar as actividades incluídas no proxecto aprobado antes citado correspondentes ao seu termo municipal; concretamente, preténdese a instalación e a posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade inferior a 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento con capacidade máxima de 50 kWh composta por baterías de litio, así como por un sistema *software* que permitirá ter monitorizadas as producións, co fin de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para as e os consumidores da zona.
- VIII. Na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) atribúense, como competencias propias da Deputación, a coordinación dos servizos de competencia municipal como garantía da súa prestación integral e adecuada, así como a competencia de asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios.



Neste mesmo sentido, no artigo 36.1.d da citada lei establécese, dentro das súas competencias, “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”. Á súa vez, nos artigos 25 e 26 atribúeselles aos concellos as competencias en materia de medio ambiente urbano.

- IX. Os convenios entre as administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como se establece no artigo 47 e nos seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da LRBRL; e no artigo 198 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- X. Por último, o Concello participante no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 Concellos + Renovables I, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, a prol dunha maior axilidade e eficacia na execución dos traballos, delega na Deputación de Pontevedra a contratación do investimento.

Neste sentido, e coa intencionalidade de garantir o deber do beneficiario de realización dos investimentos subvencionables e a execución das actuacións obxecto da axuda antes do 31 de marzo de 2026, enténdese necesario iniciar na maior brevidade os expedientes de contratación correspondentes ao expediente indicado, polo que desde a institución provincial se formulou un requirimento de achega de compromiso e aportación económica ao concello para que, no prazo máximo de 15 días desde a súa recepción, en data 04/08/2025 recibíuse a achega de compromiso de dita entidade para realizar a aportación municipal antes do 15/12/2025 correspondente as actuacións a realizar no seu concello e recollidas no expediente de axuda indicado.

Con base nestes antecedentes, as partes acordan subscribir este convenio, consonte as seguintes:



## Cláusulas

### Primeira. Obxecto

O obxecto deste convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación de Pontevedra e o Concello de Tui para levar a cabo os traballos de instalación e posta en funcionamento dunha instalación fotovoltaica de capacidade máxima de 99,99 kWp formada por paneis de 540 W acompañada por un sistema de almacenamento de capacidade máxima de 50 kWh, composta por baterías de litio; así como un sistema *software* que permitirá ter monitorizada a produción enerxética.

Ademais, a nova instalación fotovoltaica será de tipo autoconsumo colectivo, segundo o establecido no Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica, e incluírá polo menos un 10 % de consumidores vulnerables entre as e os consumidores asociados que teñan asignada, á súa vez, polo menos o 10 % da enerxía prevista da instalación, redondearase o cálculo deste número de consumidores vulnerables á unidade e, en calquera caso, como mínimo, incluírá un consumidor vulnerable. Para estes efectos, considérase consumidor vulnerable aquel que cumpra a definición do Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para as e os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.

Deste xeito, incentívase o autoconsumo co obxecto de promover un modelo de consumo eléctrico que sexa máis respectuoso co medio, coa subsecuente redución de emisións de CO<sub>2</sub>, así como un custo enerxético máis económico para as persoas consumidoras da zona.

Estas actuacións forman parte do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 Concellos + Renovables I nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Pontearreas, Tui e Marín, ao abeiro da primeira convocatoria do Programa de incentivos de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. Este proxecto englobase no “Programa de incentivos 4. Proxectos innovadores de autoconsumo colectivo con almacenamento, con participación de consumidores vulnerables” da citada convocatoria.



## Segunda. Ámbito de actuación

A continuación, defínese a localización das actuacións para realizar, segundo o recollido na memoria descriptiva do citado proxecto, dentro do termo municipal do concello:

| Concello de Tui                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                              |
|--------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p>A instalación fotovoltaica realizarase no pavillón municipal de Tui, na provincia de Pontevedra.</p> <p>Esta instalación, de 99,90 kWp, estará composta por 185 paneis de 540 W. Ademais, irá acompañada dun sistema de almacenamento de 50 kWh formado por baterías de litio. Todo iso xestionarase cun sistema software que permitirá ter monitorizadas as producións.</p> <p>En concreto, a instalación fotovoltaica realizarase en:</p> <p>Pavillón Municipal de Tui: rúa Canónigo Valiño, s/n, 36700 Tui, Pontevedra (RC: 9857054NG2595N0001JO).</p> |

## Terceira. Importe e financiamento

O investimento elixible admitido polo IDAE no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 Concellos + Renovables I para realizar as actuacións dentro do termo municipal de Tui, ascende á cantidade de cento trece mil seiscentos cincuenta e catro euros con nove céntimos (113.654,09 €).

Do total do investimento descrito no parágrafo anterior, o IDAE, con cargo aos fondos NextGenerationEU, concedeulle á Deputación de Pontevedra unha axuda por importe máximo de sesenta e catro mil catrocentos corenta euros con cincuenta céntimos (64.440,50 €).

Para facerlle fronte ao importe restante (total do custo elixible admitido), a Deputación de Pontevedra e o Concello adherido chegaron ao acordo de financiar ese importe con fondos propios das citadas entidades cos seguintes condicionantes:

- A Deputación fará unha achega adicional con fondos propios de 250 euros por cada kWp de potencia en instalacións de xeración fotovoltaica, cun límite de 100 kWp (nunha ou en varias instalacións), do investimento elixible da actuación definida en cada concello, de ata 25.000 euros, que se sumarán ao financiamento previsto polo Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico.



- O importe restante, ata chegar ao 100 % do importe das actuacións para realizar dentro do seu termo municipal, é achegado por cada un dos concellos.

Neste sentido, o Concello adherido ao proxecto indicado en data 04/08/2025 achega a certificación do acordo adoptado polo órgano de goberno correspondente no que se adhire ao proxecto e se compromete a consignar no orzamento municipal os créditos necesarios para afrontar as achegas municipais para realizar o mencionado proxecto, no caso de ser subvencionado.

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do 31/07/2025 aprobou, entre outros asuntos, a concesión das axudas comprometidas pola Deputación ao abeiro do proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 Concellos + Renovables I nos municipios de Poio, O Porriño, Mos, Soutomaior, Ponteareas, Tui e Marín aos concellos beneficiarios, e autorizou a comprometer o gasto polos importes da achega da Deputación.

No caso concreto das actuacións para realizar no termo municipal que corresponde ao Concello, o cadro financeiro é o que se corresponde coa seguinte táboa:

| CONCELLO | CUSTO TOTAL ELIXIBLE | SUBVENCIÓN MÁXIMA DO IDAE | ACHEGA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA | ACHEGA DO CONCELLO |
|----------|----------------------|---------------------------|------------------------------------|--------------------|
| Tui      | 113.654,09 €         | 64.440,50€                | 24.975,00 €                        | 24.238,59 €        |

A Deputación comprométese a achegar, para a realización das actuacións no Concello descritas neste convenio de colaboración, o importe que ascende a vinte e catro mil novecentos setenta e cinco euros (24.975,00 €) consignados na aplicación 25/942.4250.652.15, dentro do proxecto de gastos codificado como "925\_0031 TUI PR-RENOINN-2024-000142 CONCELLOS +RENOVABLES I".

O Concello financiará o importe restante; é dicir, vinte e catro mil douscentos trinta e oito euros con cincuenta e nove céntimos (24.238,59 €) que, segundo se recolle no compromiso adoptado polo órgano competente, se ingresará no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes.



O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.

En caso de que o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade do proxecto, o financiamento reducirase en correlación ás obrigas económicas que lle corresponda afrontar a cada parte.

Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2025, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para financiar este convenio outórganse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, se tivese delegadas as facultades de recadación no dito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.

#### Cuarta. Contratación

O Concello adherido ao proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 Concellos + Renovables I delega na Deputación de Pontevedra a contratación das obras, dos servizos ou das asistencias técnicas que sexan necesarias para executar as actuacións do citado proxecto dentro do seu termo municipal.

Neste sentido, a tipoloxía de traballos para contratar poden comprender os servizos para a redacción do proxecto de execución, a dirección facultativa dos traballos, a adquisición dos equipamentos e materiais necesarios, así como a súa montaxe e instalación, seguridade e saúde, así como demais contratos complementarios.

#### Quinta. Modificación do proxecto

Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento dos traballos por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto deberá contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación.

En caso de que a incidencia, por causas imprevistas, obrigue a incrementar a cantidade total estipulada no convenio deberase contar coa autorización previa e expresa do IDAE, do Concello e da Deputación, e financiarase integramente polo propio Concello.



Non obstante, de producirse unha baixa na adxudicación, esta poderase aplicar para garantir o financiamento do modificado do proxecto e do contrato ata o límite fixado nos pregos de cláusulas administrativas, sempre coa supervisión da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

Calquera modificación sobre o ámbito das actuacións previstas inicialmente na memoria descritiva do proxecto aprobado, e sempre dentro do importe máximo achegado polo IDAE, pola Deputación e polo Concello, poderá dar lugar á tramitación de addendas ao convenio, logo do informe e proposta da Comisión de Seguimento e coa autorización previa e expresa do IDAE.

En todo caso, cumprírase o artigo 19, Modificación da resolución, da citada Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, no relativo á modificación da resolución, sen que sexa necesaria a autorización das modificacións do orzamento do beneficiario cando non supoñan un incremento superior ao 20 % nos conceptos susceptibles de axuda que figuren na resolución de concesión, compensables con diminucións doutros conceptos, sen que en ningún caso poidan comportar unha alteración da valoración que recibise a actuación subvencionada nin supoñer un incremento do importe da axuda total para o dito beneficiario e sempre que estea debidamente motivada.

#### Sexta. Compromisos das partes

A Deputación de Pontevedra comprométese a:

- Actuar como interlocutor para os efectos de participación e representación nesta liña de axudas, tal e como consta na memoria descritiva das actuacións que se van acometer, e asumir as obrigas como responsable do proxecto ante os órganos de xestión do programa.
- Asumir a coordinación xeral da operación e da xestión económica e financeira desta, garantindo a execución da operación na súa integridade, incluído o cumprimento dos resultados previstos, así como representar de común acordo a todos os beneficiarios da operación nas comunicacións co IDAE, co Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, coa Secretaría Xeral de Fondos Europeos, coa Intervención Xeral da Administración do Estado, co Tribunal de Contas e/ou cos órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e cos demais organismos competentes, así como no que poida requirirse directamente por parte da Comisión Europea (CE).



- Financiar a execución das actuacións no termo municipal do Concello de Tui, tal como se reflicte na cláusula terceira.
- Licitación, adxudicación, execución e recepción dos traballos contemplados na memoria descritiva de actuacións dentro do proxecto no termo municipal do Concello. Unha vez recibidos os traballos pola Deputación, realizarase un acto formal de entrega ao Concello, que deberá ordenarse previamente mediante unha resolución presidencial, e detallarase na acta de entrega o equipamento en cuestión que se entrega, a súa valoración, as obrigas de mantemento por parte do Concello nos cinco (5) anos posteriores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión, no seu caso, no inventario do Concello. Ademais, deberase manter a asignación a consumidores vulnerables en termos do número de consumidores, así como os demais aspectos que sexan necesarios para a inclusión.
- Colocar, no mesmo lugar da actuación e nun lugar ben visible para o público, un cartel temporal de tamaño significativo e proporcional á contía do financiamento, con información sobre a actuación, no que se mencionará a axuda financeira recibida, co lema “Plan de recuperación, transformación e resiliencia. Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU” e o logo deste plan, seguindo as instrucións establecidas no manual de imaxe do IDAE relativas á cartelería. Este cartel temporal debe estar visible ata a finalización da actuación. Nun prazo de tres (3) meses desde a finalización da execución da actuación, deberá colocar, nun lugar ben visible, un cartel ou unha placa permanente, de tamaño significativo, por un período de polo menos dez (10) anos. Este cartel ou esta placa permanente indicará o nome e o obxecto principal da actuación, o emblema da UE, a declaración de financiamento adecuada: “Financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU”, xunto co logo do PRTR e segundo o manual de imaxe do IDAE.
- Prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, ao tratarse dun convenio que non excede dos 600.000,00 euros.
- Aplicar procedementos de bo goberno dos fondos e de control interno apropiados nos niveis de xestión, deseñados para ofrecer garantías razoables na consecución dos seguintes obxectivos: eficacia, eficiencia e economía das operacións; fiabilidade dos informes; salvagarda dos activos e da información; xestión adecuada dos riscos relativos á legalidade e regularidade das operacións subxacentes; e prevención, detección,



corrección e seguimento de fraudes, conflitos de interese e irregularidades.

- Proporcionarlle ao IDAE, de acordo co previsto na resolución da convocatoria das axudas, a documentación técnica necesaria *ex post* referida no citado texto (cláusula décimo cuarta), entre ela, a memoria técnica de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, a memoria económica xustificativa e a lista de contratistas e subcontratistas, así como a relativa ao cumprimento de “non causar un prexuízo significativo ao medio” (principio DNSH).
- Cumprir cos requisitos de difusión e publicidade establecidos nas bases e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario conforme ás normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Dispoñer dunha contabilidade separada para a operación e asegurar que cada beneficiario leve unha contabilidade separada da súa participación nesta, e conservar durante cinco (5) anos os documentos orixinais, xustificativos da actuación realizada e da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.
- Presentar as xustificacións de pago, garantindo os gastos para acreditar ante o IDAE a realización da actuación subvencionable nos termos expostos na resolución de convocatoria das axudas, e facilitar, ademais, as comprobacións encamiñadas a garantir a correcta execución do proxecto, achegando, para o efecto, tanta documentación se lle requira.
- Someterse a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro que poida realizar a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral da Administración do Estado, o Tribunal de Contas, os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea e os órganos de control competentes, tanto nacionais coma da Unión Europea, de acordo co establecido na normativa aplicable á xestión das axudas cofinanciadas con fondos da Unión Europea, para o que achegará tanta información lle sexa requirida. Neste contexto, coa presentación da solicitude de axuda, o beneficiario acepta e consente expresamente a concesión dos dereitos e accesos necesarios para garantir que a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a Fraude, o Tribunal de Contas Europeo, a Fiscalía Europea e/ou as autoridades



nacionais competentes exerzan as súas competencias de control e fiscalización, de conformidade co establecido no artigo 22.2.e do Regulamento(UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.

- Responsabilizarse, en caso necesario, de comunicarlle de inmediato ao IDAE, mesmo durante a tramitación da solicitude, calquera modificación das condicións inicialmente informadas coa documentación que acompañe á solicitude.
- Aceptar os controis, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que cofinancian a operación, poñendo á disposición todos os documentos que lle sexan requiridos.
- Conservar os documentos orixinais relacionados co outorgamento da axuda ou coa súa xustificación durante un prazo de cinco (5) anos en xeral e de tres (3) anos nos casos en que o financiamento sexa dun importe igual ou inferior a 60.000 €, contados desde a data de finalización do prazo establecido para a execución da actuación obxecto da axuda. O incumprimento da obriga de xustificación da subvención ou a súa xustificación insuficiente suporá o reintegro nas condicións previstas no artigo 37 da LXS.
- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que recibise calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.
- Cumprir todo o derivado das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar canta información lles sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias neste marco.



Pola súa banda, o Concello está obrigado a:

- Dispoñer de orzamento para acometer a achega con fondos propios á actuación, tendo en conta os procedementos e os límites previstos na normativa vixente de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, xa que o importe que corresponda ao financiamento de NextGenerationEU percibirase polo beneficiario unha vez conclúa e se verifique a actuación, conforme ao procedemento establecido na Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Asumir as obrigas económicas que lle correspondan no marco deste convenio e desembolsar o importe comprometido para o cofinanciamento das actuacións que se realicen dentro do seu termo municipal, con carácter xeral, no prazo máximo do 15 de decembro do 2025, co fin de xerar o crédito necesario nas aplicacións correspondentes. O importe que ten que achegar o Concello constitúe un ingreso de dereito público, que deberá ingresarse na Tesourería provincial una vez notificadas as correspondentes cartas de pago e antes do 15 de decembro do 2025.
- Segundo se recolle na cláusula 25.4 das Bases de execución do Orzamento vixente da Deputación de Pontevedra, para facer efectivas as obrigas de achega do Concello para o financiamento outorgaranse expresamente as facultades de compensación e ingreso a favor da Deputación de Pontevedra sobre calquera pago concreto que lle teña que facer ao Concello, ou calquera pago que lle teña que facer o ORAL ao Concello, cando teña delegadas as facultades de recadación no devandito organismo. De non existir pagos a compensar, a Deputación detraerá o importe do crédito asignado no ano 2026 no Plan + Provincia.
- Poñer á disposición da Deputación de Pontevedra os equipamentos e as infraestruturas necesarias para poder levar a cabo as actuacións que se contemplan na memoria descritiva do proxecto. Neste sentido, o Concello deberá acreditar a titularidade das instalacións sobre as que se executará a instalación de paneis fotovoltaicos e demais elementos descritos no proxecto IDAE número PR-RENOINN-2024-000142 Concellos + Renovables I.



- Obter e manter en vigor os permisos, as licenzas e as autorizacións necesarias en cada momento para levar a cabo a actuación, os cales poderán ser requiridos polo IDAE en calquera momento da tramitación do expediente.
- Facilitarlle á Deputación de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses desde a data da sinatura deste convenio, unha listaxe actualizada de consumidores vulnerables (na que se inclúa, polo menos, o nome e apelidos da persoa beneficiaria, o DNI/NIE, o teléfono e correo electrónico de contacto, o enderezo completo da vivenda, a potencia contratada, o número de contrato de subministración eléctrica e o código universal de punto de subministración) aos que incluírá como consumidores asociados a unha nova instalación fotovoltaica dentro da distancia permitida para o autoconsumo a través da rede, recollido na letra iii do apartado g do artigo 3 do Real decreto 244/2019, de 5 de abril, polo que se regulan as condicións administrativas, técnicas e económicas do autoconsumo de enerxía eléctrica.
- Para estes efectos, considerárase vulnerable o consumidor beneficiario do bono social, nos termos establecidos no Real decreto 897/2017, de 6 de outubro, polo que se regula a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica.
- Comunicarlle á Deputación, de forma inmediata, a obtención doutras subvencións ou axudas para a mencionada finalidade procedentes de calquera Administración pública ou ente privado nacional ou internacional, con expresión da súa contía.
- Levar a cabo o mantemento e a conservación da infraestrutura obxecto do convenio e asumir a responsabilidade desde o día seguinte ao da formalización da acta de recepción dos traballos coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas. En caso de non garantir durante os cinco (5) anos posteriores á formalización da acta de recepción dos traballos o seu correcto funcionamento, coas obrigas establecidas na normativa patrimonial das administracións públicas, así como calquera outra incidencia que poida xurdir no desenvolvemento do convenio, imputable ao respectivo Concello, que impliquen tanto a descertificación do gasto por parte da autoridade de xestión da UE coma a perda da subvención para recibir do NextGenerationEU, habilitará a esta Deputación provincial a reclamarlle ao Concello responsable tanto os importes correspondentes ás perdas de financiamento do NextGenerationEU



coma a parte proporcional do cofinanciamento da Deputación, ou ben a súa compensación en calquera dos plans ou convenios que manteña coa Deputación.

- Prestar a colaboración e facilitar canta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- Aceptar os controis e as auditorías, coas súas conclusións e consecuencias, que sobre a execución do proxecto e o uso das subvencións concedidas realicen os organismos comunitarios competentes e as administracións que lle achegan cofinanciamento á operación, poñendo a disposición todos os documentos que se lle requiran.
- Xestionar e manter unha contabilidade separada correspondente á execución do proxecto no referente ás correspondentes contrapartidas.
- Someterse ás actuacións de control das institucións da UE, en virtude do artigo 22.2.e do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro.
- Comprometerse a informar o IDAE, o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, a Secretaría Xeral de Fondos Europeos, a Intervención Xeral e a Administración do Estado, o Tribunal de Contas e/ou os órganos de control e fiscalización da Comisión Europea sobre calquera axuda financeira que non se fixese pública anteriormente e que sexa recibida por calquera beneficiario do proxecto (por exemplo, subvencións, préstamos ou doazóns), así como informar sobre a existencia de calquera actividade desenvolvida por calquera dos beneficiarios do proxecto que deba ser considerada como concernida pola normativa relativa ás axudas do Estado.
- Asumir a responsabilidade en caso de calquera irregularidade no gasto que se declarou e detectou, de acordo coas normas comunitarias e nacionais que eventualmente sexan de aplicación.
- Garantir o cumprimento dos resultados previstos para as actividades e accións do proxecto indicados na memoria descritiva das actuacións que se van realizar, de acordo co cronograma do seu plan de traballo.
- Cooperar no establecemento dun sistema de seguimento que permita cuantificar a contribución das accións conforme aos indicadores vinculados ao proxecto.



- Cumprir cos requisitos de información, difusión e publicidade establecidos na Orde TED/765/2024 e, en particular, no artigo 28, conforme ao establecido no artigo 18.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, e coas obrigas de información e comunicación que lle correspondan ao beneficiario de acordo coas normas específicas de publicidade para as actuacións financiadas co Mecanismo de recuperación e resiliencia, así como co Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Respetar e preservar os principios horizontais da Unión Europea (desenvolvemento sostible, igualdade de oportunidades e non discriminación e igualdade entre homes e mulleres), e telos en conta para a execución das actividades e accións do proxecto.
- Respetar e preservar as normas comunitarias de competencia de mercados públicos e contratación.
- Cumprir cantas disposicións deriven das disposicións nacionais ou da Unión Europea no ámbito de execución e xestión tanto do Mecanismo de recuperación e resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, coma do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, así como facilitar tanta información lle sexa requirida polo IDAE ou por outras autoridades nacionais ou comunitarias.

#### Sétima. Compatibilidade con outras subvencións

A achega económica prevista neste convenio, que ten carácter de subvención, será compatible con outras axudas concedidas por calquera Administración pública ou organismo ou ente público nacional, sempre e cando o importe da axuda ou subvención, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, non supere o custo do proxecto e cumpra coa normativa nacional e europea de axudas do Estado.

Esta axuda será incompatible con outras axudas concedidas pola Unión Europea para a mesma finalidade.

Cando se soliciten ou se obteñan axudas doutras institucións ou administracións públicas para o mesmo proxecto, deberá comunicárselle ao IDAE de forma inmediata para que este verifique tanto a súa compatibilidade coma que non se excederon os límites máximos de intensidade vixente en cada convocatoria.



#### Oitava. Responsabilidades de información e comunicación

Toda referencia á actuación obxecto deste convenio de colaboración en publicacións, actividades de difusión, páxinas web e, en xeral, en calquera medio de difusión, debe cumprir cos requisitos que figuren no manual de imaxe do programa, que estará dispoñible na Sede electrónica do IDAE, no que figurarán o Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, así como o Plan de recuperación, transformación e resiliencia, nos termos previstos no artigo 18.4 da LXS e no 31 do seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, de 21 de xullo.

Así mesmo, as instalacións ou, no seu caso, os equipos correspondentes obxecto das actuacións do citado proxecto deberán estar sinalizados de acordo co indicado no manual de imaxe deste programa, que estará dispoñible na Sede electrónica de IDAE.

A sinatura deste convenio de colaboración implica a aceptación do disposto tanto na normativa nacional coma na europea que regule o Plan de recuperación, transformación e resiliencia e o Mecanismo Europeo de Recuperación e Resiliencia, establecido no Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, sobre actividades de información e publicidade. Así, deberá mencionarse a orixe do financiamento recibido e garantir a súa visibilidade, en particular cando se promovan as actuacións subvencionables e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.

No caso de que o Concello ou a Deputación gozasen doutras axudas e estivesen obrigados a dar publicidade desta circunstancia, os medios de difusión, así como a súa relevancia, deberán ser análogos aos empregados para as outras fontes de financiamento.

No referente á documentación administrativa correspondente aos expedientes cofinanciados, deberá facerse constar expresamente o financiamento do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, establecido polo Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, e farase referencia ao Programa de enerxías renovables innovadoras do IDAE. Esta obriga refírese aos documentos relativos á actuación con cofinanciamento, entre outros:

##### a) Anuncios de licitación.



- b) Pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.
- c) Contratos administrativos.
- d) Traballos presentados polo contratista (estudos, informes, enquisas e outros)
- e) Convenios de colaboración.

Así mesmo, en toda a documentación e información relativas ás actuacións obxecto deste convenio incluírase a imaxe corporativa en todos os formatos que para este fin se lles faciliten á Deputación e ao Concello, e figurará o financiamento outorgado pola Administración provincial.

En todo caso, as accións para desenvolver ao abeiro do convenio deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre o Concello referido e a Deputación de Pontevedra.

Por outra parte, en cumprimento do establecido na Resolución, de 10 de decembro de 2015, da Intervención Xeral da Administración do Estado, pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. Para tales efectos e para garantir o dereito da cidadanía a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e para contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da LXS.

#### Novena. Confidencialidade da información e protección de datos

As partes comprométense ao intercambio de datos e información técnica para o cumprimento efectivo de todos os termos deste convenio, coa garantía de confidencialidade que en cada caso se requira, e permanecerá exclusivamente no ámbito da relación das partes e do persoal técnico que colabore nas actividades, e obrigárase a mantelo en réxime de confidencialidade por prazo indefinido e con independencia da duración desde convenio.

Toda a información e documentación intercambiada no marco do convenio será propiedade das respectivas partes.



As actuacións obxecto deste convenio que impliquen o tratamento de datos de carácter persoal deberán respectar na súa integridade a normativa reguladora de protección de datos de carácter persoal.

As partes poderán darlle publicidade á existencia deste convenio na forma en que ambas o determinen de mutuo acordo.

#### Décima. Comisión de Seguimento e Control

Para o seguimento deste convenio constituirase unha Comisión de Seguimento e Control, integrada polo presidente da Deputación e pola alcaldesa ou alcalde do Concello respectivo, ou polas persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada Administración asinante.

Corresponderalle á Comisión de Seguimento e Control:

- A puntual recepción de información sobre todas as actuacións que se produzan na execución dos contratos aos que este convenio se refire.
- A coordinación entre as administracións asinantes na execución da obra e no financiamento do convenio, ditando as instrucións oportunas.
- A resolución das dúbidas que presente a interpretación do convenio e, no seu caso, a emisión dun informe se a dúbida ten que ser resolta polos órganos de goberno das administracións asinantes.
- A emisión dun informe en relación con cantas incidencias se produzan na execución do contrato ao que este convenio se refire.
- A formulación das propostas que procedan en relación cos cuestións referidas nos seus informes.

A citada comisión reunirse cando o seu responsable o estime oportuno, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na sede da Deputación de Pontevedra ou no lugar que acorden as partes. Na súa reunión constituínte designarase a persoa responsable e a súa ou o seu secretario, quen levantará acta das reunións.

#### Décimo primeira. Vixencia do convenio

Este convenio producirá os seus efectos desde a data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate da realización e xustificación das actuacións obxecto deste, en todo caso, ata o 31 de marzo do 2026.



Non obstante, a vixencia deste convenio estenderase automaticamente ata o 31 de agosto do 2026 si mediante a modificación da resolución de concesión polo órgano concedente da axuda se ampliase o prazo ata dita data para o remate da realización e xustificación das actuacións; sempre respectando os límites establecidos na normativa reguladora do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia e de acordo coa Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (Programa de enerxías renovables innovadoras) e na normativa que regula a súa convocatoria.

No caso de que o IDAE conceda a ampliación do prazo máis alá do 31 de agosto de 2026 para o remate da realización e xustificación das actuacións tramitarase a correspondente addenda.

#### Décimo segunda. Extinción do convenio

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- 1) O transcurso do prazo máximo de vixencia.
- 2) O acordo unánime dos asinantes.
- 3) O incumprimento das obrigas e dos compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, notificaráselle á parte que incumpra o requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigacións ou cos compromisos que se consideran incumplidos.

Este requirimento comunicaráselle tamén á persoa responsable da Comisión de Seguimento e Control.

Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificaralle á outra parte a concorrencia da causa da resolución e entenderase resolto o convenio.

A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar á indemnización dos prexuízos causados.

- 4) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.



- 5) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo terceira. Normativa aplicable

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS) e polo Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da LXS e do Real decreto 887/2006; polos pactos contidos neste convenio; polas Bases de execución dos orzamentos das administracións asinantes e polas restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

Ao ser un proxecto cofinanciado, aprobado no ámbito de execución e xestión dentro do marco do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, está suxeito á seguinte normativa:

- Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello, de 14 de decembro de 2020, polo que se establece un instrumento de recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19.
- Resolución, de 29 de abril de 2021, da Subsecretaría, pola que se publica o Acordo do Consello de Ministros, de 27 de abril de 2021, polo que se aproba o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación, transformación e resiliencia de España.
- Real Decreto lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información para proporcionar polas entidades do sector público estatal, autonómico e local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.



- Orde HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, relativa á análise sistemática do risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de recuperación, transformación e resiliencia.
- Orde TED/765/2024, de 22 de xullo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas ao investimento en proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como á implantación de sistemas térmicos renovables (programa de enerxías renovables innovadoras), no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE-NextGenerationEU.
- Regulamento (UE, Euratom) 2020/2093 do Consello, de 17 de decembro de 2020, polo que se establece o marco financeiro plurianual para o período 2021-2027.
- Regulamento (CE, Euratom) núm. 2988/1995 do Consello, de 18 de decembro de 1995, relativo á protección dos intereses financeiros das comunidades europeas.
- Regulamento (EU, Euratom) 2018/1046 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao Orzamento xeral da UE (Regulamento financeiro).
- Regulamento (UE) núm. 651/2014 da Comisión, de 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado ou nas súas modificacións, segundo o tipo de proxecto, así como o Regulamento (UE) 2023/1315 da Comisión, de 23 de xuño de 2023, polo que se modifica o anterior.
- Regulamento (UE) 2021/1058 do Parlamento Europeo e do Consello, de 24 de xuño de 2021, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional e ao Fondo de Cohesión.
- Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.
- Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello, de 18 de xuño de 2020, relativo ao establecemento dun marco para facilitar os investimentos sostibles, e polo que se modifica o Regulamento (UE) 2019/2088.
- Regulamento delegado (UE) 2021/2139 da Comisión, de 4 de xuño de 2021, polo que se completa o Regulamento (UE) 2020/852.



- Directiva 2012/27/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 25 de outubro de 2012, relativa á eficiencia enerxética, pola que se modifican as directivas 2009/125/CE e 2010/30/UE, e pola que se derrogan as directivas 2004/8/CE e 2006/32/CE, modificada pola Directiva (UE) 2018/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2018.
- 
- Regulamento de execución (UE) 2021/437 da Comisión, de 3 de marzo de 2021, polo que se modifica o Regulamento de execución (UE) núm. 1011/2014, polo que respecta ás modificacións do modelo para a transmisión de datos financeiros, o modelo de solicitude de pago, incluída a información adicional sobre os instrumentos financeiros, así como o modelo para as contas.
- Plan nacional integrado de enerxía e clima (PNIEC) 2021-2030.
- Estratexia nacional fronte ao reto demográfico, Plan de recuperación transformación e resiliencia de España, aprobado polo Consello de Ministros do 27 de abril de 2021, e Proposta de Decisión de execución do Consello relativa á aprobación da avaliación do Plan de recuperación e resiliencia de España, de 16 de xuño.
- Lei 18/2014, de 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia.
- Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- Regras 21 a 29 da Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a instrución do modelo normal de contabilidade local.
- Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.



- Lei 24/2013, de 26 de decembro, do sector eléctrico e a súa normativa de desenvolvemento.
- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Resolución, de 30 xullo de 2024, do Consello de Administración de E. P. E. Instituto para a Diversificación e Aforro da Enerxía (IDAE), pola que se realiza a primeira convocatoria dos cinco programas de incentivos incluídos dentro das bases reguladoras de proxectos innovadores de enerxías renovables e almacenamento, así como a implantación de sistemas térmicos renovables no marco do PRTR financiado pola UE-NextGenerationEU.
- Resolución presidencial núm. 2023001273, de 14 de febreiro de 2023, pola que se regula a información para remitir ao Tribunal de Contas dos convenios que se formalicen pola Deputación e polos seus organismos dependentes.

#### Décimo cuarta. Resolución de conflitos

O Concello e a Deputación de Pontevedra comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puidesen resolverse a través da Comisión de Seguimento e Control, será competente a xurisdición contencioso-administrativa.

E, en proba do anterior, as partes que interveñen asinan este convenio no lugar e na data sinalados no seu encabezamento.

O alcalde do  
Concello de Tui  
Asdo.: Enrique Cabaleiro González

O presidente da  
Deputación de Pontevedra  
Asdo.: Luis López Diéguez

O secretario da  
Deputación de Pontevedra  
Asdo.: Carlos Cuadrado Romay

